



**MEMORIA XUSTIFICATIVA
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E O CONCELLO DE BRIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E A AMPLIACIÓN DA SEDE DO GES**

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, que establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia e o Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo (DOG nº 62, do 29 de marzo de 2000), modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio (DOG nº 108, do 7 de xuño de 2004), polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, é conveniente contar con medios propios, e con medios alleos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Brión, sede do GES da Zona Santiago-A Barcala, en materia de emerxencias, entendendo esta como a actividade destinada a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do interese na prevención e socorro así como na practica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O GES da Zona Santiago – A Barcala, con sede de Brión, é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles de carácter especializado e mais próximo ao lugar onde se actualizan as emerxencias.





O Concello de Brión pretende ampliar a sede do Servizo de Emerxencias Supramunicipal da Zona Santiago-A Barcala co fin de mellorar o servizo que se ofrece ós concellos de Ames, Brión e Negreira, para o que precisa medios económicos e, dado que estas funcións son exercidas pola citado concello non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar un convenio que estableza as bases para a colaboración, en materia de emerxencias, entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Brión, co fin de colaborar economicamente na ampliación da sede do GES da Zona Santiago – A Barcala .

Dado que estas funcións son exercidas pola citado concello non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, colaborará no financiamento dos custos que xeren as actividades obxecto do presente convenio, con cargo á aplicación 05.212A.760.0 e código de proxecto 2013 00763 dos orzamentos do ano 2021, por un importe de cincuenta mil euros (50.000 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o citado instrumento convencional fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE, de 26 de febreiro de 2014, segundo especifica o seu artigo 4, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos no citado texto, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse.

O director xeral de Emerxencias e Interior
Santiago Villanueva Álvarez